



CLUB NATACIÓN FERROL – ELINCO
R/ Emilia Pardo Bazán nº 46, baixo
15406 (Ferrol)
Tel./Fax.: 981 32 47 12
Correo: info@natacionferrol.com
Páx. Web: www.natacionferrol.com



ESCOLAS MUNICIPAIS DE NATACIÓN

TEMPADA 2008-09 – CIRCULAR 08-01

INSCRICIÓNS:

DATAS DE INSCRICIÓNS:

Luns 22 de setembro: nenos/as entre 4 e 14 anos, 3 sesións (luns, mércores e venres).

Martes 23 de setembro: nenas/os entre 4 e 14 anos, 2 sesións (martes e xoves).

Mércores 24 de setembro: bebés até 3 anos: 1 sesión (sábado ou domingo).

Xoves 25 de setembro: exposición das listaxes de espera e reclamacións.

Venres 26 de setembro: calquera inscricións de usuarios doutros Concellos.

Despois destas datas poderán sumarse ás listaxes de espera todos os usuarios/as que así o desexen, tendo que esperar a quenda correspondente en cada modalidade.

LUGAR DE INSCRICIÓNS:

Todas estas inscricións faranse no Local do Club Natación Ferrol – Elinco sito na r/ Emilia Pardo Bazán nº 46, baixo, seguindo as indicacións no apartado “proceso de inscrición” da presente circular.

Pasadas estas datas deberán facer a inscrición na Piscina Municipal de Caranza no horario de 17:30 a 20:00, nos dez últimos días de mes, e no horario de 18:00 a 19:30, o resto do mes.

PROCESO DE INSCRICIÓN:

Para garantir que o proceso de inscrición sexa igualitario para todos e todas e que os cidadáns e cidadás de Ferrol e outros Concellos poidan gozar da Piscina Municipal de Caranza en igualdade de condicións, o proceso será o seguinte:

1. Os interesados/as deberán recoller número dende as 9:00h ás 13:00h da mañá en calquera das inscricións (só se poderán recoller dous números por persoa).
2. Dende as 16:00h até as 19:30h do mesmo día formalizarase a inscrición: debendo cubrir correctamente os formularios específicos (entregados co número pola mañá), asinar a “solicitud de licenza” (o seguro), fotocopia do DNI do usuario ou fotocopia do libro de familia no caso de non ter DNI e aboar as cotas específicas no apartado “cotas” da presente circular.



CLUB NATACIÓN FERROL – ELINCO
R/ Emilia Pardo Bazán nº 46, baixo
15406 (Ferrol)
Tel./Fax.: 981 32 47 12
Correo: info@natacionferrol.com
Páx. Web: www.natacionferrol.com



LISTAXES DE ESPERA:

As persoas que non obteñan a praza que solicitaron pasarán á listaxe de espera podendo solicitar o día de exposición das listaxe de espera (xoves 25) outro horario no que si haxa prazas.

No caso de quedar na listaxe de espera, a persoa interesada deberá informar das súas preferencias para que se lle avise no momento de haber unha praza baleira.

PROCESO DE RECLAMACIÓNS:

As reclamacións que haxa lugar deberán ser presentadas por escrito.

Só poderán facerse o día sinalado no apartado “datas de inscrición” da presente circular e no mesmo día da inscrición, os veciños doutros Concellos.

HORARIOS E PRAZAS:

NENOS/AS:

PISCINA GRANDE	LUNS, MÉRCORES E VENRES		MARTES E XOVES	
	Horario	Prazas	Horario	Prazas
	16:45 - 17:30	12	16:45 - 17:30	12
	17:30 - 18:15	36	17:30 - 18:15	36
	18:15 - 19:00	36	18:15 - 19:00	36
	19:00 - 19:45	36	19:00 - 19:45	36
PISCINA PEQUENA	17:30 - 18:15	10	17:30 - 18:15	11
	18:15 - 19:00	12*	18:15 - 19:00	12*
	19:00 - 19:45	12*	19:00 - 19:45	12*
	19:45 - 20:30	10	19:45 - 20:30	11

*No caso de que haxa usuarios suficientes (12 usuarios máis, aparte dos que xa entran na inscrición) habilitarase, nos horarios marcados, un segundo grupo.

BEBÉS:

PISCINA GRANDE	SÁBADO		DOMINGO	
	Horario	Prazas	Horario	Prazas
	10:00 - 10:45	34	10:00 - 10:45	34
	10:45 - 11:30	34	10:45 - 11:30	34
	11:30 - 12:15	34	11:30 - 12:15	34
	12:15 - 13:00	34	12:15 - 13:00	34

COTAS:

Segundo as cotas do Concello de Ferrol para o ano 2008:

MODALIDADE	CARTOS
Inscrición	8,00 euros/mes
Tasa por perda ou deterioro da tarxeta	1,30 euros/mes



CLUB NATACIÓN FERROL – ELINCO

R/ Emilia Pardo Bazán nº 46, baixo

15406 (Ferrol)

Tel./Fax.: 981 32 47 12

Correo: info@natacionferrol.com

Páx. Web: www.natacionferrol.com



identificativa	
Natación escolar (1 sesión semanal)	5,10 euros/mes
Escola de Natación (de 4 a 14 anos, 2 ses./sem.)	8,70 euros/mes
Escola de Natación (de 4 a 14 anos, 3 ses./sem.)	12,30 euros/mes
Natación bebés (1 sesión semanal)	8,70 euros/mes

Na presente tempada as cotas pagaránse mensualmente na Piscina Municipal de Caranza entre o 20 e o último día do mes anterior no horario de 17:30 a 20:00 h.

Os usuarios que non fagan efectivo o pago antes do 1 de cada mes serán dados de baixa automaticamente, pasando á listaxe de espera no caso de que desexen continuar.

No vindeiro ano as cotas serán modificadas polo Concello de Ferrol e se informará oportunamente aos usuarios da piscina.

BECADOS:

Gozarán de beca para a presente tempada os nenos/as nados no ano 2003 empadroados na cidade de Ferrol.

Estarán exentos de pagar as cotas mensuais.

Deberán presentar un certificado de estar empadroado no Concello de Ferrol, **requisito imprescindible para a exención dos pagos mensuais.**

Deberán aboar obrigatoriamente a cota de inscrición.

Así mesmo pagarán a primeira cota e unha vez que presenten o certificado de empadroamento devolveráselle este importe.

Deberán presentarse nas oficinas mensualmente para selar a tarxeta nas datas estipuladas ao igual que todos os usuarios/as.

NORMAS XERAIS:

Deberá presentarse sempre a tarxeta debidamente selada para poder acceder á piscina e só se poderá baixar aos vestiarios 5 minutos antes do comezo do curso.

No caso de que se dea o caso de que un usuario inscriba ao seu neno/a na piscina grande non sabendo nadar, pasará automaticamente á listaxe de espera da piscina pequena.

A inscrición implica o coñecemento e aprobación da presente circular.

Caranza-Ferrol, o 18 de setembro do 2008

A SECRETARÍA DO CLUB NATACIÓN FERROL - ELINCO